

CULTURA E TURISMO ENTREGA NA FEIRA DO LIBRO DE BOS AIRES A ANTOLOXÍA DA LITERATURA GALEGA PARA “PRESENTALA AO MUNDO”

- *O director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, Francisco López, entregou exemplares da ‘Antoloxía da literatura galega [1196-1981]’, en edición bilingüe inglés-galego, publicada pola Xunta de Galicia en colaboración coas editoriais Galaxia e Xerais, que reúne cincuenta e cinco textos de diversos xéneros e de autores de todas as épocas.*
- *A Subsecretaria de Cultura do Goberno da Cidade, Josefina Delgado, recibiu en persoa os exemplares para a “Biblioteca Rosalía de Castro” da rede pública.*
- *Ao remate da entrega dos exemplares da Antoloxía, o actor Cándido Pazó realizou unha presentación da súa peza ‘Cunqueiradas’.*

Bos Aires (Arxentina), 29 de abril de 2011.- A Consellería de Cultura e Turismo da Xunta, a través do director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, Francisco López, entregou este xoves na Feira do Libro de Bos Aires varios exemplares da *Anthology of galician literature. Antoloxía da literatura galega [1196-1981]*, en edición bilingüe inglés-galego, editada por Jonhathan Dunne e publicada pola Xunta de Galicia en colaboración coas editoriais Galaxia e Xerais. Esta obra reúne 55 textos de 40 autores das letras en lingua galega, dende a cantiga medieval de Mendinho, universalmente coñecida, ata as grandes figuras do noso Rexurdimento, os creadores e pensadores agrupados na Xeración Nós, a magnífica narrativa desenvolvida no século XX, xunto cunha actividade poética do maior interese, completado todo coa eclosión das últimas décadas.

O director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, Francisco López; o director de Galaxia, Víctor Fernández Freixanes; e o representante da Asociación Galega de Editores (AGE), Xelasio Suárez Santiso, fixeron entrega de preto de 20 volumes desta obra aos máximos representantes das institucións senlleiras da emigración en Bos Aires e á Subdirectora de Cultura do Goberno da Cidade, Josefina Delgado, quen recibiu en persoa os exemplares que se incorporarán aos fondos da Biblioteca Rosalía de Castro existente na rede pública municipal de Bos Aires.

Segundo Francisco López, esta obra “ten moito significado para Galicia, porque é un gran paso de cara a que a escrita galega ocupe o seu espazo no contexto mundial, nas novas dinámicas de intercambio de linguas e culturas, cara ao que avanzamos cada vez con máis velocidade”. Para a Consellería de Cultura e Turismo esta antoloxía ofrece, segundo López, “unha vertente de proxección exterior das nosas letras que nos da a posibilidade de afondar un pouco máis na nosa filosofía de manter actualizado un sistema literario de calidade”. Asemade, o director do Libro avanzou que se está a traballar na segunda parte desta antoloxía.

Pola súa banda, Víctor Freixanes destacou que esta antoloxía naceu coa vocación de “levar a literatura galega polo mundo, alí onde haxa estudos de galego, lusofonía, literatura e crítica literaria”. Nomeadamente –dixo- “dirixímonos ao ámbito inglés”, para que “podan ter unha mostra do que é a literatura do noso país, por eso se fixo nunha edición bilingüe para poder chegar a todas as universidades, centros de estudos e investigación do mundo”. Para Freixanes, a gran afluencia de público e de colectivos que acudiron a esta presentación “son

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

o exemplo de que Galicia está viva a 10.000 quilómetros de distancia” e do que os galegos poden “sentirse orgullosos de ter unha nación espallada polo mundo”.

No acto celebrado no salón Javier Villafañe, tamén recolleron o seu exemplar da Antoloxía os máximos representantes do Centro Galego, Instituto Arxentino de Cultura Galega, Centro Galicia de Bos Aires, Fundación Galicia-América, Federación de Asociacións Galegas da República Arxentina, Biblioteca Galega de Bos Aires, Unión de Sociedades Galegas, Fundación Manuel Púente, Grupo de Lectores galegos de Bos Aires, Tezo da Fala e Santa Comba de Xallas.

‘Cunqueiradas’

Ao remate da entrega dos exemplares da Antoloxía, o actor Cándido Pazó realizou a presentación da súa peza *Cunqueiradas*. Pazó salientou a experiencia de ter actuado en tres escenarios da cidade de Bos Aires e confesouse sorprendido de atoparse aquí unha colectividade “viva e activa”. Trala súa actuación, agradeceu ao público o agarimo recollido nestes días.

Autores de referencia

A *Antoloxía da literatura galega (1196-1981)* editada por Jonhathan Dunne e publicada pola Xunta de Galicia en colaboración con Xerais e Galaxia, reúne cincuenta e cinco textos. Neste volume bilingüe galego-inglés aparecen representados todos os períodos e xéneros literarios, desde a época medieval ata o século vinte. O proxecto naceu para espallar a creación literaria en lingua galega polos grandes ámbitos académicos e profesionais onde as letras circulan: universidades, centros de estudos, lectores de lingua galega, asociacións de tradutores, críticos literarios, medios de comunicación especializados, editoras comerciais, bibliotecas e feiras internacionais.

Esta obra está composta por textos de seis autores anónimos e doutros corenta autores: Mendinho, Martín Códax, Pedro Meogo, Dom Dinis, Fernan Velho, Alfonso X, Fernán Martís, Pedro Vázquez de Neira, Gabriel Feixoo de Araúxo, Martín Sarmiento, Francisco Añón, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Valentín Lamas Carvajal, Ramón Cabanillas, Antonio Noriega Varela, Luis Amado Carballo, Manuel Antonio Varela, Luis Amado Carballo, Manuel Antonio, Fermín Bouza-Brey, Federico García Lorca, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Rafael Dieste, Castelao, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Xosé Luis Méndez Ferrín, Eduardo Blanco Amor, Carlos Casares, Xosé Neira Vilas, Ramón Piñeiro, Celestino Fernández de la Vega, María Xosé Queizán, Aquilino Iglesia Alvariño, Luis Pimentel, Xosé María Díaz Castro, Celso Emilio Ferreiro, Manuel María e Uxío Novoneyra. A escolma foi feita por escritores e expertos de recoñecido prestixio e foron traducidos ao inglés por especialistas na materia.

Jonathan Dunne é editor, ensaísta e tradutor, formado na escola da Filoloxía Clásica da Universidade de Oxford, está vencellado dende hai anos á literatura e cultura galega. É autor de libros como *Even Though That* e *The DNA of English Language*, recibiu numerosos premios polo seu traballo, e traduciu para o inglés obras de Carme Riera, Alicia Jiménez-Bartlett, Enrique Vila-Matas ou Manuel Rivas, entre outros. Na actualidade dirixe a editorial Small Stations Press.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN